



Xabier Queipo (Santiago, 1957) deuse a coñecer como escritor en 1990 con 'Ártico e outros mares', co que conseguiría o Premio da Crítica española. A súa primeira colaboración para RDL data do 1993 cun relato que aparecería incluído en 'Ringside'. Desde entón, Queipo converteuse nun dos nomes asiduos non só da RDL senón tamén das librerías e nun dos escritores máis apreciados pola crítica. Traductor de Conrad ou Hervé Guidert, a RDL ideou co autor varios monográficos onde publicou 'Anacario de momentos menos álxidos' (Xullo do 2003) e antes, no 1999, 'Fluxo e mutabilidade' cunha colección de haikus en galego e inglés.

## Xabier Queipo

### Autopoética urxente

[] Din que escribir ten que doer. Non vexo masoquismo en facer o que nos gusta. O masoquismo, se cadra, no noso pequeno país sen Estado, é tentar o ter a escrita como sustento.

[] Escribir para pasa-lo tempo, coma os peixes cando nadan nun acuario circular.

[] O ideal do escritor é chegar ó maior número de lectores. Escribir en linguas minoritarias é, pois, contradictorio. Tarefa de heroes ou de ilusos

[] Necesidade de dicir o que se pensa, ou o que se pensa que se pensa. Necesidade de non sentirse vivindo nunha granxa de animais submisos

[] Se o traballo dignifica o home, ¿que fai lendo estas e avorcallándose na indignidade? Vaia traballar de seguida, colleccione dignidade coma quen xunta moedas ou indulxencias plenas.

[] Hai unha liña sutil entre a tolemia e a creatividade, se cadra a mesma que existe entre o imaxinario e o real. Os que así pensamos vivimos atormentados. A actitude dos demais é a nosa tormenta.